



Ramón Varela Casas gaña o Campionato Provincial de A Coruña de Cans de Rastro sobre Coello

O pasado 19 de setembro disputábase no Tecor "Urogallo" en Ferrol o Campionato Provincial de A Coruña de Cans de Rastro sobre Coello, organizado pola Federación Galega de Caza en A Coruña en colaboración coa Sociedade de Cazadores "Urogallo" de Ferrol.

Participaban na proba un total de 18 lotes, sendo finalmente Ramón Varela Casas o vencedor da proba co lote formado por Boris, Leti, Vena e Pícola que acadou 506 puntos. Segundo foi Juan Carlos Casas Cambón que acadaba 500 puntos con Nina, Brisa, Tula e Diana, e no terceiro posto remataba Francisco Abraldes Crujeiras con Roki, Tronco, Ada e Cuca e 495 puntos.

O premio ao mellor can era para Vena, conducido por Ramón Varela Casas, que facía 144 puntos na proba.

CLASIFICACIÓN POR LOTES			
Pos	Conductor/Propietario	Nome dos Cans	Puntos
1º	Ramón Varela Casas	Boris – Leti – Vena – Pícola	506
2º	Juan Carlos Casas Cambón	Nina – Brisa – Tula – Diana	500
3º	Francisco Abraldes Crujeiras	Roki – Tronco – Ada – Cuca	495
4º	Francisco Rodríguez Lista	Sil – China – Diana – Luca	476
5º	José Ramón Barreiro Varela	Rol – Toni – Cora – Rai	457

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com